


1 Forma dúas palabras novas engadíndolles os sufixos **-eiro** e **-aría** ás palabras que representan os debuxos.



Ten en conta

Os sufixos son morfemas que se engaden **de trás** da raíz dunha palabra para formar outra nova: *pequeniño*.

barbeiro

barbaría

2 Atopa na seguinte sopa de letras cinco palabras que conteñan os prefixos **re-**, **sub-**, **anti-**, **im-** e **pre-**.

Ten en conta

Os **prefixos** son morfemas que se engaden **diante** da raíz dunha palabra para formar outra nova: *precociñado*.

A	T	F	E	M	I	D	S	U	A
S	U	B	C	A	M	P	I	O	N
L	P	R	A	N	P	O	M	S	T
F	R	O	C	T	O	N	L	D	I
O	E	T	N	A	S	B	R	O	N
M	P	R	E	D	I	C	I	R	E
S	A	D	T	P	B	S	N	P	B
S	M	U	R	E	L	E	R	S	O

reler

3 Rodea os prefixos e subliña os sufixos nestas palabras.

desabrochar    infravermellos    brigación    acurtar    facilidade  
 inexplicable    refacer    empedrado    caixiña

4 Forma novas palabras unindo un prefixo ou un sufixo ás seguintes palabras.

pre-

acord

-eiro

o

preacordo

ante-

gaita

-azo

violín

sub-

oficial

-ista

chispa

ollos



Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

## 1 Clasifica os seguintes adverbios.

antes      quizais      menos      rapidamente      demasiado      tamén      talvez  
lonxe      abofé      arriba      despois      non      ben      xamai

- De lugar ▶ .....
- De tempo ▶ .....
- De modo ▶ .....
- De cantidade ▶ .....
- De afirmación ▶ .....
- De negación ▶ .....
- De dúbida ▶ .....

## Ten en conta

Os adverbios complementan o significado dun verbo. Poden ser de lugar, de tempo, de modo, de cantidade, de afirmación, de negación ou de dúbida.

## 2 Completa as oracións con adverbios da actividade anterior.

- ..... Antes ..... de marchar temos que ir ..... para coller o ordenador.
- sei onde está o teléfono, ..... o deixei na casa.
- Oriéntase tan ..... que ..... chegamos ao sitio.

## 3 Completa as frases coa preposición axeitada.

## Ten en conta

As preposicións son palabras invariables que serven de unión entre outras palabras ou enunciados.

con      de      en  
a

- carne ..... patacas
- excursión ..... tren
- viaxe ..... Santiago
- fin ..... curso

## 4 Rodea as conxuncións nas seguintes oracións.

- Lourdes e Paulo farán xuntos a exposición, pero o traballo escrito é individual.
- Eu lía un libro mentres o meu irmán xogaba no cuarto.
- Dixo que non fixera nada, porén, eu quixen axudarlle igualmente.
- Que camiseta prefires, a verde ou a amarela? A min gústanme as dúas.
- Aínda que está o ceo nubrado iremos dar un paseo pola tarde.



Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

Curso: ... \_\_\_\_\_

1 Busca no dicionario tres palabras que comecen por estas letras.

hum-

humanidade

hort-

hosp-

2 Relaciona os prefixos co seu significado.

hecto-

hidro-

hepta-

bi-

mega-

micro-

grande

sete

cen

auga

pequeno

dous

3 Completa as oracións con unha das formas dos verbos *haber*, *habitar*, *herdar* ou *honrar*.

- Esta bisbarra leva..... *habitándose* ..... trescentos anos polo menos.
- Nesa poza..... unha chea de ras.
- Visitei a casa de Rosalía para..... a súa memoria.
- Do meu pai..... os ollos e a cor do pelo.

Ten en conta

Escíbense con *h* as formas dos verbos *haber*, *habitar*, *herdar*, *honrar* e os seus derivados.

4 Escribe o nome de cada debuxo e logo elabora unha oración con cada un.



hamburguesa



5 Escribe tres palabras que pertencen á familia de *hábil*.

